



TURISMO
DE
GALICIA

Xacobeo  2027

OCUPACIÓN HOTELEIRA

Análise nos destinos urbanos de Galicia

Xullo 2026



DESTINOS URBANOS DE GALICIA
Xullo 2026

	A Coruña	Ferrol	Santiago	Lugo	Ourense	Pontevedra	Vigo
Viaxeiros aloxados	56.362	8.844	96.443	21.205	12.693	17.255	47.885
Noites	122.337	18.455	156.234	37.803	22.568	28.974	98.618
Var. Viax. 26/25	2,8%	13,7%	4,4%	17,5%	5,6%	-3,1%	-5,0%
Var. Noites 26/25	1,1%	14,0%	0,6%	4,7%	1,8%	9,1%	1,2%
Estadía Media	2,17	2,09	1,62	1,78	1,78	1,68	2,06
Var. EM 26/25	-1,6%	0,3%	-3,6%	-10,9%	-3,6%	12,6%	6,6%
% Ocupación	72,1%	55,0%	64,6%	57,7%	54,3%	69,2%	62,9%
Var. Ocupac. 26/25	0,66	7,61	0,39	1,88	1,23	5,59	5,39
Prazas	5.374	1.068	7.633	2.111	1.337	1.301	5.000
Var. Prazas 26/25	-0,5%	-2,7%	-0,3%	1,2%	0,0%	-1,3%	-7,5%

- No mes de xullo deste ano 2026 os destinos urbanos de Galicia presentan un importante nivel de demanda. En termos globais rexístranse 261 mil viaxeiros aloxados e 485 mil noites nos establecementos hoteleiros das cidades de Galicia. Supón isto que o turismo urbano representa o 36,3% do total da comunidade -unha de cada tres noites en Galicia-, porcentaxe inferior á dos últimos seis meses mais levemente superior á rexistrada en xullo do pasado ano -en 2025 o peso do turismo urbano situábase no 35,4% do total de Galicia-. No verán e, en xeral, nos meses centrais do ano o peso do turismo urbano diminúe por debaixo do 40% entre outros motivos polo incremento que se produce nos restantes destinos da comunidade -litoral galego, Camiño de Santiago, etc-.
- Agora en xullo sitúase a cidade de Compostela, por cuarta vez consecutiva este ano, como o destino líder do turismo urbano en Galicia -substituíndo a A Coruña que liderou o ranking a nivel autonómico no primeiro trimestre, e a Vigo que o fixo puntualmente en decembro-. Con 156 mil noites a cidade compostelá absorbe o 32% do total do turismo urbano -unha de cada tres noites- e o 12% do conxunto da comunidade. Sitúanse a continuación A Coruña -a curta distancia, con algo máis de 122 mil pernoctacións- e Vigo -que



pasa a ocupar o terceiro posto con preto de 99 mil noites-. A pesar das diferenzas unha vez máis boa parte do turismo urbano concéntrase nestas tres cidades pois representan en conxunto o 78% das noites hoteleiras urbanas de Galicia –porcentaxe levemente superior á dos últimos cinco meses-.

- O 22% restante concéntrase nas outras catro cidades sendo unha vez máis Ferrol o destino de menor volume e peso neste sétimo mes –absorbe o 3,8% do total urbano-. En síntese, o reparto territorial entre as tres grandes cidades e o resto mantense relativamente estable mais con pequenas diferenzas a nivel interno.
- En termos dinámicos rexístrase neste mes un comportamento positivo da demanda a nivel urbano por canto o volume de noites no conxunto das sete cidades de Galicia increméntase un 2,2% en relación ao dato do mes de xullo do pasado ano –nun contexto de crecemento parello da cifra de viaxeiros aloxados-. Acontece isto novamente este ano, igual que en abril –o primeiro nos doce meses anteriores-, e en contraste coas caídas rexistradas en febreiro, marzo e maio, e a estabilidade observada en xaneiro e xuño. Neste período alternáronse por tanto meses de estabilidade da demanda con meses de crecemento e caídas.
- Internamente obsérvase, por vez primeira en moitos meses, un comportamento homoxéneo. Así, o volume de noites increméntase en todas as cidades, con diversa intensidade, agás en Compostela –único destino no que o nivel de demanda se mantén en cifras parellas ás do pasado ano-. Os crecementos son relativamente suaves en A Coruña e Vigo –de apenas o 1% en ambas-, tamén en Ourense –do 2%- , e algo máis acusados en Lugo –do 5%- , en Pontevedra –do 9%- e sobre todo en Ferrol –onde se rexistra unha suba global do 14%- . A cidade compostelá rexistra agora en xullo, igual que en moitos meses anteriores, o peor comportamento da demanda nos destinos urbanos de Galicia.
- A cidade herculina recupera agora en xullo, en contra do observado nos dous últimos meses, unha tendencia de dezaseis meses consecutivos de crecemento da demanda –dinámica homoxénea en todo 2025-, a taxas variables que superan o 20% interanual en febreiro, abril e decembro do pasado ano e en xaneiro deste ano, e só por debaixo do 10% en marzo e en abril. As caídas de maio e xuño son pouco significativas mais rompen a liña de meses anteriores.
- En paralelo a cidade de Santiago rompe tamén, aínda que de forma pouco significativa, coa tendencia de doce meses consecutivos de caída do número de noites, de xullo do pasado ano a xuño deste ano –ademais das caídas puntuais rexistradas en febreiro e maio de 2025-.
- Neste mes alteran a dinámica anterior dous destinos: a cidade de Vigo –que rexistra un novo incremento, igual que de marzo a maio, logo da caída da caída puntual rexistrada en xuño- e a cidade de Lugo –que consolida o incremento puntual de xuño, e que contrasta coas caídas consecutivas nos tres meses anteriores, logo de acumular doce meses consecutivos de crecemento ata febreiro deste ano-.



- Así pois, e por vez primeira en moitos meses, apréciase un comportamento positivo xeneralizado nas cidades de Galicia, con crecementos de maior intensidade xustamente naquelas que habitualmente teñen menor peso na comunidade -Ferrol, Lugo, Ourense e Pontevedra- e, pola contra, moi suave e mesmo pouco significativos en A Coruña, Santiago e Vigo.
- O comportamento do nivel de demanda vén como consecuencia de variacións parellas da cifra de viaxeiros aloxados en boa parte dos destinos -cinco en particular-, con pequenos axustes en sentido positivo ou negativo da estadia. En Pontevedra e Vigo ambas variables van en sentido contrario, xogando un papel importante neste caso a variación da estadia media -que leva a que un menor volume de viaxeiros aloxados xeren maior número de noites-.
- En termos globais o conxunto do turismo urbano en Galicia crece agora en xullo, igual que en abril e ao contrario do observado nos restantes meses -a tendencia de parte dos doce meses anteriores, de xullo do pasado ano a xullo deste ano, alternou meses de estabilidade con meses de caídas en termos interanuais con algunha suba puntual-. O número de noites no conxunto das sete cidades crece, circunstancia que en síntese presenta un comportamento diferente ao observado no conxunto da comunidade -onde en termos globais o nivel de demanda mantense estable-. No resto de Galicia, fóra das sete cidades, o nivel de demanda ten un comportamento levemente negativo pois o número de noites global cae un 2% en relación ao pasado ano. A diferenza de comportamento e intensidade na variación da demanda leva a que o peso do turismo urbano mellore suavemente en relación ao mes de xullo de 2025 situándose no 36,3% do total da comunidade.
- O turismo de ámbito nacional é maioritario en seis das sete cidades consideradas -circunstancia propia dun mes de temporada media-alta, e que contrasta co observado habitualmente na temporada baixa e no verán cando o segmento nacional lidera o mercado en todas as cidades-, en porcentaxes que se sitúan no contorno do 65% en Pontevedra e Vigo, por encima do 70% en A Coruña e Ferrol, e por encima do 80% en Ourense e Lugo -esta última presenta o maior peso do mercado nacional co 84% do total das noites-. Marca a excepción este mes unicamente a cidade de Santiago -onde o turismo internacional supera en volume e peso ao nacional, representando o 51% das noites-. As diferenzas non son moi notables e case pode falarse de reparto equitativo entre ambos segmentos para a cidade de Compostela.
- Acontece isto por cuarta vez consecutiva nos últimos nove meses, igual que na temporada media do pasado ano, e en contraposición ao observado no verán e na temporada baixa -cando todas as cidades, algunhas con notable diferenza, amosan maior volume e peso do turismo nacional fronte ao internacional-. A temporada media presenta por tanto perfiles da demanda diferentes en función da cidade de referencia.
- En termos dinámicos obsérvase un comportamento dispar dos dous segmentos de mercado nas sete cidades de Galicia, con variacións de diversa intensidade.



- O turismo de ámbito nacional presenta un comportamento positivo en catro destinos -inclúe parte de aqueles que presentan un crecemento global en termos interanuais-, cun incremento máis destacado en Pontevedra -do 8% en relación ao pasado ano- e en Lugo -cunha suba do 6%- e algo máis suave en Ferrol -do 4% interanual- e Vigo -do 3% neste caso-. Descende a demanda, en cambio, nas tres restantes cidades, un 2% en A Coruña, un 4% en Ourense e un 6% en Santiago -esta última amosa a caída de maior intensidade-.
- O mercado internacional presenta unha dinámica positiva en cinco destinos. Así sobe o número de noites dos estranxeiros de forma notable en Ferrol e Ourense -máis dun 50% na primeira e un 38% nesta última-, de forma máis moderada en Pontevedra -un 12%- e máis suave en A Coruña e Santiago -preto dun 10% en ambas-. O turismo estranxeiro mantense estable en Lugo e descende unicamente en Vigo -apenas un 2% neste caso-. Neste mes, por tanto, o turismo internacional amosa un comportamento positivo na maior parte das cidades, con maior intensidade nalgúñas de menor volume e peso como Ferrol e Ourense.
- Desta maneira só dous destinos presentan un comportamento parello dos dous grandes segmentos de mercado, con incrementos paralelos para o nacional e o internacional en Ferrol e Pontevedra. A maioría, por tanto, amosan unha dinámica diferente para ambos segmentos.
- En termos globais, e para o conxunto dos destinos urbanos, o comportamento de ambos segmentos de mercado é algo diferente en relación ao pasado ano. Neste sentido mantense estable en conxunto o turismo de ámbito nacional mais increméntase o internacional -un 8% neste caso-. Similar dinámica apréciase no resto da comunidade -destinos de litoral e interior- se ben neste caso rexístrase un comportamento negativo do mercado nacional -cae un 3%- e positivo daquel de orixe internacional -supera nun 3% o nivel do pasado ano-.
- A estadía media no conxunto dos destinos urbanos de Galicia sitúase en 1,9 noites, cifra levemente inferior á media da comunidade e tamén á media dos destinos non urbanos de Galicia -con 2,2 noites-. Este dato varía levemente nas diferentes cidades acadando o valor máis elevado A Coruña -con 2,2 noites de media-, e o máis baixo Santiago -con 1,6 noites- e Pontevedra -con 1,7 noites de media neste caso-. Estas dúas son xustamente as cidades con maior peso do turismo internacional e cuxo perfil se asocia en boa medida ao Camiño de Santiago.
- En termos dinámicos a estadía media increméntase en dous destinos -un 7% en Vigo e un 13% en Pontevedra-. Mantense estable en Ferrol, e descende, en cambio, nas catro restantes -un 2% en A Coruña, un 4% en Santiago e Ourense e un 11% en Lugo, destino que amosa a caída de maior intensidade-. O bo comportamento da estadía media en Pontevedra e Vigo permite a estes dous destinos xerar maior volume de noites en relación ao pasado ano nun contexto de caída da cifra de viaxeiros aloxados.
- A capacidade de recuperación dos destinos urbanos varía tamén desde o lado da oferta de aloxamento. Neste mes só un destino rexistra un incremento do número de prazas ofertadas en relación ao pasado ano -do 1,2% en Lugo-. A Coruña, Santiago e Ourense



mantéñense en cifras parellas mentres que descende a oferta dispoñible nos tres destinos restantes -un 1% en Pontevedra, un 3% en Ferrol e un 7,5% en Vigo-.

- O comportamento da demanda neste contexto de evolución da oferta dispoñible tradúcese nunha variación homoxénea dos niveis de ocupación hoteleira. Así, aprécianse melloras en todos os destinos -por vez primeira en moitos meses-, con subas notables e destacadas en Ferrol -de case oito puntos porcentuais- e en Pontevedra e Vigo -de máis de cinco puntos en ambas-. Sobe tamén pero con menor intensidade en Lugo -en dous puntos- e en Ourense -en algo máis dun punto neste caso-. Neste contexto positivo o nivel de ocupación sobe tamén nas dúas cidades restantes, en A Coruña e Santiago, pero con baixa intensidade -menos dun punto porcentual- o que a grandes trazos fala máis ben de estabilidade global.
- Cun 72,1% de media A Coruña rexistra neste sétimo mes de 2026 a porcentaxe de ocupación máis elevada dos destinos urbanos de Galicia -circunstancia que aconteceu tamén nos dous primeiros meses deste ano, substituíndo a Pontevedra que rexistrou a porcentaxe máis alta nos tres últimos meses e a Ourense que o fixo en marzo-. Pontevedra rexistra tamén unha cifra notable agora en xullo, ocupando o 69,2% neste caso, por diante das restantes cidades que se sitúan ben por encima do 60% -caso de Santiago co 64,6% ou Vigo co 62,9%- ou ben no contorno do 55% -as tres restantes-.
- No conxunto dos destinos urbanos de Galicia o nivel de ocupación hoteleira sitúase no 64,6%, nove puntos por encima da media da comunidade. En termos dinámicos supera en máis de dous puntos porcentuais a porcentaxe do pasado ano para situarse como a máis alta dos últimos catro anos. O crecemento da demanda -número de noites- acontece nun contexto de caída da oferta dispoñible -número de prazas ofertadas-, circunstancia que mellora o nivel de ocupación.
- As tarifas hoteleiras acadan os 113,9 euros de ingreso medio por habitación ocupada en A Coruña, destino que por vez primeira nos últimos meses rexistra o nivel máis elevado, substituíndo a Vigo -que presentou as tarifas máis alta de novembro do pasado ano a marzo deste ano, e a Santiago que liderou este ranking de abril a xuño-. Santiago e Vigo sitúanse a continuación con cifras parellas, en concreto con 105,3 euros a primeira e 100,1 euros esta última, ficando as restantes dúas cidades con cifras inferiores -do contorno dos 71 euros en Ourense, e de 60 euros en Lugo. O INE non ofrece datos para as cidades de Ferrol e Pontevedra.
- Os prezos medios incrementáronse en todas as cidades agás en Ourense -onde permanecen en cifras parellas ás do pasado ano-. Os crecementos son notables en A Coruña -do 15%- e en Vigo -do 10% neste caso-. En Lugo e Santiago as subas son máis moderadas pero tamén importantes, do contorno do 5% en ambas.
- En termos de rendibilidade -RevPAR hoteleiro- obsérvanse variacións tamén positivas nos destinos urbanos. Así sobe e mellora o nivel do pasado ano en todas as cidades, con maior intensidade en Vigo -froito da variación positiva dos prezos e da ocupación, superando nun 16% o nivel de rendibilidade do pasado ano-, en A Coruña -cun incremento neste caso do 15%-, e en Lugo -cun crecemento medio




do contorno do 11%- . O RevPAR hoteleiro sobe tamén, pero con menor intensidade, en Ourense -arredor dun 8%- e en Santiago -un 5% neste caso-.


- Con 87,2 euros de ingreso medio por habitación dispoñible a cidade de A Coruña rexistra neste mes o nivel de rendibilidade máis elevado dos destinos urbanos de Galicia. Santiago e Vigo presentan tamén cifras importantes, con 74,3 euros de media a primeira e 71,6 euros a segunda. Nun segundo nivel, e con valores distantes dos anteriores, sitúanse as cidades de Ourense -cunha rendibilidade media de 44,6 euros- e Lugo -con 41,3 euros neste caso-.
- A cidade lucense rexistra agora neste sétimo mes de 2026 o nivel de rendibilidade hoteleira máis baixo dos destinos urbanos considerados, igual que de marzo a xuño, e substituíndo a Santiago que o fixo nos dous primeiros meses do ano.
- En termos de emprego, e en contra do que acontece coas variables de demanda e ocupación, rexistrase neste mes un leve descenso do número de traballadores no segmento hoteleiro das cidades de Galicia en relación ao pasado ano -do 1% interanual-, deixando o volume final en pouco máis de tres mil neste mes de xullo -a segunda cifra máis elevada da serie histórica, cun valor en todo moi parello ao rexistrado en 2024 e 2025-.
- Esta dinámica vén como consecuencia de alternar variacións dispares nas diferentes cidades de Galicia. Sobe o nivel de emprego en dúas delas, con maior intensidade en Pontevedra -rexistra unha suba do 23%- e Lugo -cun 8% neste caso-. O nivel de emprego mantense estable en Vigo e cae nas catro cidades restantes, un 2% en Ferrol, arredor dun 4% en A Coruña e Santiago e un 7% en Ourense.




Demanda hoteleira nos destinos urbanos de Galicia. Noites, xullo 2026




Variación da demanda turística nas cidades. Noites xullo 2026/25




Estadía media hoteleira nas cidades de Galicia. Xullo 2026




Nivel de ocupación e variación interanual. Xullo 2026




Peso dos mercados nacional e internacional. Noites, xullo 2026



Variación demanda turística, por procedencia. Noites, xullo 2026/25



ADR hoteleiro nos destinos urbanos. Xullo 2026



RevPAR hoteleiro nos destinos urbanos. Xullo 2026

